

De Punta Balea a Cabo Morás

A caza moderna
da balea en Galicia

Museo Massó



Factoría conserveira Massó

Factoría baleeira Massó

Antiga factoría de salazón do século XIX

Vista aérea de Punta Balea
en Cangas do Morrazo
co complexo industrial
Massó, cara a 1955.
Museo Massó

De Punta Balea a Cabo Morás

A caza moderna
da balea en Galicia

Presidente da Xunta de Galicia

Alberto Nuñez Feijóo

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico

Jesús Oitavén Barcala

Secretario Xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

Directora Xeral de Patrimonio Cultural

Mª del Carmen Martínez Ínsua

Exposición

COMISARIOS

Comisariado científico

Álex Aguilar Vila

Comisariado técnico

Covadonga López de Prado Nistal

DESEÑO DA MONTAXE

Covadonga López de Prado Nistal

MONTAXE

Armando García Galíño

Aurea Criveiro Malvido

Xoel Rodríguez Martínez

Araceli Abad Barreiro

RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN

Fátima Sánchez Varela

Luz Pedrido Pérez

ORGANIZA

Museo Massó

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

COLABORA

CEMMA

(Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños)



Guía

AUTORES

Álex Aguilar Vila

Covadonga López de Prado Nistal

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Lia Santana / Xosé Salgado

FOTOGRAFÍAS

Fuco Reyes

Marcial San Martín Meléndez

Sergio Ríos

Arquivo Gráfico do Museo

TRATAMENTO DE IMAXE

Aurea Criveiro Malvido

Xoel Rodríguez Martínez

Araceli Abad Barreiro

ISBN: 978-84-453-5202-1

D.L.: C 2004-2015

© Do texto: os respectivos autores

© Das fotografías: os respectivos autores

© Da presente edición: Museo Massó

ÍNDICE

7

Presentación

De Punta Balea a Cabo Morás. A caza moderna da balea en Galicia

Álex Aguilar Vila / Covadonga López de Prado Nistal Directora do Museo Massó

10

Un fantástico mamífero

A lenda do monstro mariño alentou as fantasías dos navegantes

28

A etapa heroica

Durante varios séculos os vascos monopolizaron a caza de baleas

48

A caza moderna da balea

A caza da balea rexorde no século XX

74

Da balea aprovéitase todo

Da balea se obtéñense grandes cantidades de produtos para a alimentación e a industria

92

A caza moderna desenvolveuse grazas a unha serie de innovacións norueguesas

112

O fin da industria baleeira

A explotación abusiva das baleas produciu unha forte reacción social que puxo fin a esta industria



Small blue informational label on the left side of the display.



Small blue informational label located below the central spears.




A historia da caza da balea ten unha longa traxectoria en Galicia que nos leva dende a práctica artesanal, que se desenvolve nas nosas costas entre os séculos XII e XVII, ata as modernas factorías do século XX. Esta actividade que se integra dentro do sector pesqueiro tivo, pola súa propia natureza, características excepcionais dentro do sector: o propio obxecto e procedemento da pesca e transformación e o feito de ter unha data precisa de punto final. Un momento que chega coa adhesión de España á moratoria internacional que suspende a caza dos grandes cetáceos e que entra en vigor en 1985, converténdose dun día para outro nunha actividade extinguida.

Aínda que a súa repercusión canto a porcentaxe de poboación implicada nesta industria foi reducida, a súa existencia e o seu futuro convertéronse nun asunto de debate público durante a década de 1970. O rexeitamento social que provocou a pesca da balea e a súa prohibición conduciron a que en Galicia, último enclave baleeiro da península, caese no esquecemento.

Hoxe, grazas á iniciativa do Museo Massó, á súa excepcional colección herdada das factorías baleeiras da empresa Massó Hermanos, e grazas tamén á xenerosa colaboración daquelas persoas que, dun xeito ou doutro, foron os últimos protagonistas deste capítulo da nosa historia, temos a oportunidade de reflexionar sobre o futuro dun patrimonio cultural do cal Galicia posúe os últimos testemuños construídos nos restos das factorías que aínda podemos contemplar en Caneliñas (Cee-A Coruña), en Punta Balea (Cangas do Morrazo-Pontevedra) e en Cabo Morás (Xove-Lugo).

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Con esta exposición propoñémonos recuperar un capítulo esquecido da nosa historia, como é o feito de que en Galicia desenvolveuse unha próspera industria ao redor da caza da balea e que foi o último reduto desta actividade na Península Ibérica.

O percorrido da exposición lévanos desde a época histórica da caza con arpón de man ata as factorías do século XX, coa empresa Massó Hermanos como unha das protagonistas. O tema principal do noso discurso expositivo céntrase nesta última etapa, exclusivamente galega, que se pecha coa prohibición en 1985 e caracterízase polas melloras tecnolóxicas, as novas formas de explotación e a influencia do movemento ecoloxista.

Ao contrario que noutras potencias baleeiras como Noruega, os Azores, Gran Bretaña e Estados Unidos, o noso patrimonio baleeiro está a piques de desaparecer. Dar a coñecer os testemuños que conserva o Museo Massó e poñer en valor as ruínas da factoría baleeira de Punta Balea en Cangas do Morrazo (Pontevedra), constitúen a última oportunidade que temos para rescatalo do esquecemento.

De Punta Balea a Cabo M...

A caza moderna da balea en Galia

Un novo episodio na explotación do recurso de cetáceos en Galicia, o resultado de un proceso de modernización que se iniciou en 1980, e que se desenvolveu ata o momento actual en 2010.

Desde o inicio do século XX, a caza de cetáceos en Galicia se desenvolveu de forma tradicional, baseada na caza de cetáceos con arpóns. O proceso de modernización do sector, iniciado en 1980, consistiu na substitución do arpón polo arpón eléctrico, o que permitiu a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade e a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade.

Actualmente, a caza de cetáceos en Galicia se desenvolve de forma tradicional, baseada na caza de cetáceos con arpóns. O proceso de modernización do sector, iniciado en 1980, consistiu na substitución do arpón polo arpón eléctrico, o que permitiu a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade e a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade.

Desde o inicio do século XX, a caza de cetáceos en Galicia se desenvolveu de forma tradicional, baseada na caza de cetáceos con arpóns. O proceso de modernización do sector, iniciado en 1980, consistiu na substitución do arpón polo arpón eléctrico, o que permitiu a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade e a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade.

Actualmente, a caza de cetáceos en Galicia se desenvolve de forma tradicional, baseada na caza de cetáceos con arpóns. O proceso de modernización do sector, iniciado en 1980, consistiu na substitución do arpón polo arpón eléctrico, o que permitiu a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade e a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade.

Actualmente, a caza de cetáceos en Galicia se desenvolve de forma tradicional, baseada na caza de cetáceos con arpóns. O proceso de modernización do sector, iniciado en 1980, consistiu na substitución do arpón polo arpón eléctrico, o que permitiu a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade e a caza de cetáceos en zonas de maior profundidade.

De Punta Balea a Cabo Morás

Indicaciones para la visita:

El recorrido comienza en el punto de partida de la ruta, Punta Balea, donde se encuentran los restos de la civilización de los fenicios. A lo largo del camino se van descubriendo los vestigios de la cultura de los griegos, romanos y visigodos, hasta llegar a Cabo Morás, donde se encuentran los restos de la civilización de los visigodos.

Para saber más:

El recorrido de la ruta comienza en el punto de partida de la ruta, Punta Balea, donde se encuentran los restos de la civilización de los fenicios. A lo largo del camino se van descubriendo los vestigios de la cultura de los griegos, romanos y visigodos, hasta llegar a Cabo Morás, donde se encuentran los restos de la civilización de los visigodos.

1



Este recorrido comienza en el punto de partida de la ruta, Punta Balea, donde se encuentran los restos de la civilización de los fenicios. A lo largo del camino se van descubriendo los vestigios de la cultura de los griegos, romanos y visigodos, hasta llegar a Cabo Morás, donde se encuentran los restos de la civilización de los visigodos.

Un fantástico mamífero


A lenda do monstro mariño alentou as fantasías dos navegantes

A balea é o animal máis grande e habita en lugares recónditos dos océanos. No pasado poucos chegaron a vela, por iso representábase coma un ser fantástico envolto en lendas sobre a súa auténtica natureza.

A balea simbolizaba o temor que infundía o océano. A imaxe do monstro mariño que aterrorizaba aos navegantes rexístrase en moitas tradicións e culturas, desde a historia bíblica de Xonás devorado pola balea ata as aventuras de Pinocchio escritas a finais do século XIX.



Ilustración con animais mariños fantásticos do libro *Prodigiorum atque ostentorum* de Bernardo Maiero, 1557.
Museo Massó



Gravado de *La quimera Ártica*, século XVIII-XIX.
Museo Massó



Estampas con dúas escenas da lenda bíblica de Xonás representando o episodio de *Xonás devorado pola balea*, gravados por Jan Sadeler en Amberes, 1582-1583. Museo Massó



Is. S. Brandano

Ins. Canaria

Insula Fortunata

Cabe de



Na cultura irlandesa, a *lenda de San Brandán o Navegante* ofrece unha visión positiva do gran peixe laconius. Durante a travesía, a nave do santo atraca para celebrar unha misa sobre o lombo da balea crendo que se trataba dunha illa.

Ilustración da *Lenda de San Brandán* do libro *Nova Typis Transacta Navigatio* de Frei Honorio Philopono, 1621.
Museo Massó



Dente de cachalote coa escena da *Lenda de San Brandán*, pirogravado por Antonio Massó García. Procede da factoría baleeira Massó de Punta Balea en Cangas, 1970.
Museo Massó



Conto para nenos *La pesca de la ballena*. Editado en Madrid pola Casa Editorial Hernando y C^ª. Colección Álex Aguilar



23 Pinocho encontra a Geppetto en el cuerpo de la Ballena e intenta escapar del monstruo con su padre.



Álbum de cromos *Las aventuras de Pinocho*, Bilbao, Ediciones Vulcano, 1972. Colección particular



Nenos dentro da boca dunha balea na plataforma de despezo da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), hacia 1976. Museo Massó. Doazón de Manuel Aldao Portas



Bosquexo para un detalle escultórico da fachada da Capela dos Santos Reis de Bueu realizado por Urbano Lugrís, 1948. Museo Massó. Depósito do Concello de Bueu

Grazas ao desenvolvemento científico foise coñecendo a súa auténtica natureza e identificando as especies

As baleas e os cachalotes son mamíferos acuáticos e ambos pertencen á orde dos cetáceos e á suborde dos Mysticetos e dos Odontocetos respectivamente. Os Mysticetos teñen barbas na boca para filtrar o alimento e aliméntanse de plancto e krill. Os Odontocetos teñen dentes e aliméntanse de peixes e luras. Teñen unha taxa de reprodución moi baixa: un descendente cada dous ou tres anos. O cetáceo máis grande é a balea azul, que pode medir máis de 30 metros de lonxitude.

Tanto as baleas como os cachalotes foron obxectivos dos cazadores e deles obtíñanse produtos de primeira necesidade.

Especies máis habituais de cetáceos cazados nas costas galegas



Balea común: tamaño 24 m.

5.965 exemplares cazados polas factorías baleeiras



Balea boreal: tamaño 19 m.

336 exemplares cazados polas factorías baleeiras



Cachalote: tamaño 18 m.

6.505 exemplares cazados polas factorías baleeiras



Balea vasca ou franca: tamaño 15 metros

400 exemplares cazados ata o século XVII

As diferentes especies de cetáceos que máis se cazaron nas costas galegas. **Debuxo de Javier Estévez, 2005**



Mandíbulas de lura
extraídas do estómago
dun cachalote e
dente de cachalote.
**Museo Massó e
Colección CEMMA**




Krill extraído do estómago dunha balea, ósos do oído e barbas de balea procedentes da factoría baleeira IBSA, cara a 1985.

**Museo Massó e
Colección CEMMA**

Ilustración segundo debuxo de Francisco López Alén do esqueleto da balea franca capturada no País Vasco en 1878, do libro *Ballena Euskara. Memoria del esqueleto de esta especie, que... existe en el Museo de Historia Natural del Instituto Provincial de Segunda Enseñanza de Guipúzcoa* de Cándido Ríos Rial, San Sebastián, 1890.


Museo Massó

O exceso de capturas levou á extinción da balea franca (*Eubalaenaglacialis*) nas costas da Península Ibérica. Era un animal fácil de capturar cos medios dos que se dispoñía, xa que o apresamento das crías lactantes atraía ás femias adultas. Ademais, ao tratarse dunha especie con moita graxa, o corpo do animal morto flotaba.




Unha caza sen control levounas ao bordo do exterminio

O desenvolvemento da navegación a vela fixo posible que a caza fose cada vez máis intensiva poñendo en perigo a supervivencia das especies perseguidas polos cazabaleeiros. Algunhas, como a balea franca ou vasca, foron exterminadas das nosas augas a finais do século XIX.



Mandíbula dereita de balea franca tamén coñecida como balea vasca, entre os séculos XII e XVII
Colección CEMMA

A peza foi recuperada no fondo mariño do porto de Bares en 2014 por un equipo de mergulladores dentro do proxecto Galicia no lombo da balea II desenvolvido pola CEMMA.



Dúas vértebras de balea
procedentes da factoría baleeira
Massó de Cangas, segunda
metade do século XX.

Museo Massó



A factoría industrial de Millar-Herreros S.A. ubicada en Puerto Milla (Carga de mineral), año 1900.
La factoría industrial de Millar-Herreros S.A. ubicada en Puerto Milla (Carga de mineral), año 1900.

Mapa de Chile con una línea roja que indica una ruta o ubicación específica.



El primer paso en la explotación del cobre en Chile fue el descubrimiento de yacimientos de mineral de cobre en la zona de Antofagasta y de Chuquiaguano en la zona de Antofagasta.



Fotografía de un bote en un cuerpo de agua, posiblemente un lago o embalse.



Mensaje sobre el Estado de conservación, conservación e industrialización

El Estado de conservación de los recursos naturales es un concepto que se refiere a la capacidad de un sistema de mantenerse en un estado de equilibrio y de ser capaz de soportar las perturbaciones que se le aplican.

Mensaje en favor del Estado de la conservación, conservación e industrialización

El Estado de conservación de los recursos naturales es un concepto que se refiere a la capacidad de un sistema de mantenerse en un estado de equilibrio y de ser capaz de soportar las perturbaciones que se le aplican.





A etapa heroica

Durante varios séculos os vascos monopolizaron a caza de baleas

Os testemuños escritos máis antigos sobre esta actividade proveñen do País Vasco e son do século XI. Pronto se estendeu cara Galicia e o norte de Portugal.

Inicialmente as baleas cazábanse preto da costa con pequenas embarcacións de remo e mediante arpóns de man. No século XVI a escaseza da balea franca propiciou a expansión da pesca vasca con galeóns-factorías cara a Noruega, Islandia, Groenlandia e América.


O predominio vasco finalizou no século XVII ante a presión doutros países e a incautación dos buques baleeiros por parte da armada española para incorporalos á frota bélica.



Punta de arpón procedente
dun asentamento
prehistórico descoñecido.
Museo Massó



*Vestimenta de los
arponeros holandeses y
vascongados. Ilustración
do Dicionario Histórico
de los Artes de la Pesca
Nacional de Antonio
Sáñez Reguart, 1795.*
Museo Massó






*Amarrado de una ballena al costado de un navío. Ilustración do *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*, de Antonio Sáñez Reguart, 1795.*
Museo Massó

*El navío nodriza y sus lanchas balleneras. Ilustración do *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*, de Antonio Sáñez Reguart, 1795.*
Museo Massó



*Sección de una embarcación vascongada armada a la ballena. Ilustración do *Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional*, de Antonio Sáñez Reguart, 1795.*
Museo Massó

Costela de balea vasca
extraída da praia de
Cubelas en San Cibrao
(Lugo), séculos XV-XVII.
Museo Massó.
Doazón de Ramón
Rivas Villares



É posible que xa desde a época romana os grandes cetáceos que varaban nas nosas praias fosen aproveitados para o consumo de aceite e de carne. Pero foron os vascos os que introduciron a pesca sistemática da balea franca ou vasca, con arpóns de man desde pequenas chalupas. Os portos baleeiros galegos máis antigos dos que temos noticia son os de Prioiro na Coruña e San Cibrao e Bares en Lugo. Destes últimos proceden os dous ósos de Eubalaena que se mostran nesta exposición. Outros portos de tradición baleeira moi activos ata o século XVII foron Caión e Malpica na Coruña e Cabo Morás e Rinlo en Lugo.



Documento do ano 1719 no que a marquesa dos Arcos e Tenorio reivindica a propiedade do lugar de Balea, en Santa María de Darbo (hoxe parroquia de Cangas do Morrazo) **Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)**

Trátase do mesmo lugar, coñecido como Punta Balea, onde en 1955 a empresa Massó Hermanos S.A. levantou a nova factoría baleeira.

Ilustración dunha balea vasca do libro *Las grandes pescas* de Victor Meunier, 1877. Museo Massó






Ilustración gravada publicada na *Ilustración española y Americana* na que se mostra un dos últimos exemplares de balea cazada no País Vasco, 15 de novembro de 1885. Museo Massó



Noticia publicada no diario *El Mundo* o 29 de abril de 2015.



No século XVI os baleeiros vascos expandíronse polo Atlántico Norte, o que non estivo exento de conflitos. No ano 1615 o rei islandés autorizou a persecución e aniquilación dos vascos, o cal desembocou nunha matanza. Esta autorización nunca foi revogada e tivo vigor ata 2015.

A partir do século XVII xorden outras potencias baleeiras

No século XVII Holanda comprou os buques dos arruinados armadores vascos e contratou aos seus arpoeiros e persoal especializado na extracción do aceite. Pronto o monopolio holandés desaparecerá ante a competencia de ingleses e norteamericanos. No século XIX estes últimos introducen aos habitantes das illas Azores na práctica da caza e explotación do cachalote, onde se manterá o sistema tradicional con arpón de man ata que en 1985 se prohibe a pesca de grandes cetáceos.



Ilustracións gravadas con escenas de balea varada nunha praia e de caza de balea, séculos XVIII-XIX.
Museo Massó



Planisferio do Ártico realizado polo holandés Frederick de Wit, 1680.

Cara ao centro pódense ver as illas Spitzberg, a primeira base baleeira holandesa, cuxa capital recibía o nome de "a cidade da graxa". Nos ángulos, escenas coas distintas fases das actividades baleeiras.


Bastón con figura de cachalote no mango, procedente de Inglaterra, segunda metade do século XIX. Museo Massó

Este tipo de bastóns con figuras de cetáceos, ou feitos con óso ou marfil dos mesmos, eran un distintivo dos capitáns xubilados dos cazabaleeiros ingleses e americanos para axudarse a camiñar por terra firme.





Edicto do Rei Xurxo III de Inglaterra para regular a pesca da balea, 1793.
Colección Álex Aguilar



Exvoto de barco baleeiro, século XVIII-XIX.
Bispado de Mondoñedo.
Igrexa de San Andrés de Teixido (A Coruña)

Esta maqueta é posiblemente a reprodución dun barco baleeiro que naufragou preto das costa de San Andrés de Teixido entre o século XVIII e XIX. Foi ofrecida pola tripulación como exvoto a San Andrés, a cuxa intercesión atribuíron a súa salvación.



Coñecemento de embarque de aceite de cachalote do porto de Nova York, 1860.
Colección Álex Aguilar



Arponero. Debuxo a tinta de Antonio Massó García, cara a 1970.
Colección Isabel Massó de Ariza



Arpón baleeiro de dobre fío procedente de Estados Unidos (cara a 1800) e dous arpóns dun e de dous fíos con marca dunha compañía baleeira canadense, cara a 1860.
Museo Massó e Colección Antonio Rama Laguna

Este tipo de arpóns, dun e dous fíos, son os tradicionais e non sufriron variacións ata a introdución, a mediados do século XIX, dos arpóns de punta articulada que logo se empregarían nas illas Azores.




Postais do porto baleeiro de New Bedford em Estados Unidos, coas barricas de aceite de balea, século XIX. Colección Álex Aguilar



A cidade de New Bedford, en Estados Unidos, foi no século XIX o porto baleeiro máis importante. Nel inspirouse Hermam Melville para escribir a novela de Moby Dick publicada en 1851.



Maqueta do buque baleeiro estadounidense Charles W. Morgan. Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar



Exemplar ilustrado da novela de *Moby Dick or The white whale* escrita por Herman Melville, Nova York, Dodd, Mead and Company, 1923. Museo Massó



Postal coa ilustración dun cazabaleiro do porto de New Bedford (Estados Unidos), cara a 1900.
Colección Álex Aguilar



Gravado sobre un fragmento de caparazón de tartaruga coa representación do cazabaleiro Eliza F. Mason realizado por un membro da tripulación, 1855.
Museo Massó

A artesanía que emprega ósos e dentes de cetáceos era realizada por membros da tripulación dos barcos baleeiros. O baleeiro Eliza F. Mason partiu de New Bedford (Estados Unidos) en decembro de 1853 rumbo ao océano Pacífico. Dobrou o Cabo de Fornos, pescou algúns cachalotes na costa de Chile e ao longo do ecuador, para logo dirixirse ao norte para pescar baleas no mar de Okhotsk, nas Illas Salomón e no mar de China. Regresou a New Bedford en abril de 1857. O motivo da grilanda de froitas fai referencia ao seu paso polas zonas ecuatoriais, mentres que cando navegaban polos mares do norte representaban motivos inspirados no xeo.



Fotografía estereoscópica
con escenas de pesca
de balea por un buque
americano, século XIX.
Colección Álex Aguilar



Arpón baleeiro de punta articulada procedente das illas Azores, cara a 1900.

Museo Massó

Os norteamericanos introduciron no século XIX a actividade da caza do cachalote nas illas Azores e máis tarde estendeuse á illa de Madeira. A caza con arpón de man mantívose en ambos os arquipélagos portugueses ata a prohibición en 1985 e na actualidade só a practican os esquimós de Alasca.



Punta de arpón das illas Azores, cara a 1950.

Colección Álex Aguilar

Foi atopado nun cachalote na factoría baleeira de IBSA de Caneliñas en 1976. Permanecera enquistado no lombo do cachalote polo menos durante 19 anos.

Cachalote arrastrado polo guincho a vapor ata a plataforma de despezamento da factoría baleeira en Caniçal (Illa de Madeira, Portugal).
Fotografía de José Cymbron.
Colección particular



Lanceta-bomba explosiva para escopeta americana, cara 1800.
Colección Álex Aguilar

Os arpóns servían para evitar que o animal escapase, pero usualmente non lograban dar morte ao animal. Para iso empregábanse lanzas-sangradeira ou lancetas-bomba disparadas con escopeta.

Un cachalote na plataforma de despezo da factoría baleeira en Caniçal, no extremo oeste da illa de Madeira. Fotografía de José Cymbron.

Colección particular

A fábrica de EBAM (Empresa Baleeira do Arquipélago de Madeira), que substituíu á rudimentaria instalación de procesamento de baleas no Garajau, comezou a súa actividade en 1948.







A factoría balnear de Massó Hermanos S.A. situada en Punta Bufo (Cango do morraz), cara 1955
La factoría balneara de Massó Hermanos S.A situada en Punta Bufo (Cango do morraz), hacia 1955

Desarrollo de animal en a
...
Desarrollo de animal en a
...
Desarrollo de animal en a
...



A factoría balnear - desarrollo en
...
A factoría balnear - desarrollo en
...



A caza moderna da balea

A caza da balea rexorde no século XX

A principios do século XX os noruegueses reactivan a caza da balea establecendo factorías en terra firme como a de Caneliñas en Cee (A Coruña). Mentres que no sur da península a pesca intensiva provocou que a poboación de baleas case desaparecese, en Galicia a mediados do século XX púidose reactivar a industria.

Co paso dos anos os usos dos produtos foron cambiando e os avances técnicos melloraron o aproveitamento. No século XX o beneficio obtido dunha balea multiplicouse por tres e os custos de produción reducíronse a menos da metade, multiplicándose por seis o rendemento de cada exemplar.

Noruegaponse á fronte da renovación tecnolóxica e a industrialización

A finais do século XIX o noruegués Svend Foyn inventa un canón que disparaba arpóns explosivos

e un conxunto de dispositivos que poñen fin á pesca con arpón lanzado a man. As empresas norueguesas, que na década de 1920 abren factorías en Alxeciras e en Caneliñas (Cee-A Coruña), decimaron a poboación de cetáceos e a finais da década todas as compañías abandonaron as augas ibéricas.



Retrato fotográfico de Svend Foyn, cara 1880.
Colección Álex Aguilar


Empresario noruegués que na década de 1860 modernizou a caza da balea e abriu o camiño cara ao seu exterminio. Foi o inventor do canón lanza-arpóns de gran calibre e do sistema de inxección de aire para manter a flote as baleas apresadas. Isto, xunto cos buques de motor, fixo posible que se multiplicasen as capturas e se estendese ás especies de maior tamaño, que antes non se podían cazar cos medios tradicionais. Profundamente relixioso, converteu a caza nunha cruzada particular e chegou a crear unha "obra benéfica" para o exterminio das baleas.



Telegrama anunciando contrabando de espoletas de Noruega para cañóns baleeiros, 1953.
Colección Álex Aguilar



Punta de arpón e vainas de pólvora do cañón arpoeiro procedente dun cazabaleiro da empresa Industria Ballenera S.A. (IBSA) adquirido en Noruega, cara a 1940.
Museo Massó



Capítulo dedicado a *La pesca de la ballena en España* do libro *Diccionario de Artes de Pesca de España y sus Posesiones*, de Benigno Rodríguez Santamaría, 1923
Museo Massó



Factoría da Compañía
Ballenera Española en
Getares (Cádiz), logo da
súa inauguración en 1921.
Colección Álex Aguilar



Buque factoría baleeira
flotante Rey Alfonso,
traballando na ría de
Vigo en xuño de 1925.
Colección Álex Aguilar

A industria baleeira concéntrase en Galicia

Durante a última etapa desta industria as únicas factorías da Península estaban en Galicia. En 1951 a Industria Ballenera SA (IBSA) pon en funcionamento a antiga fábrica de Caneliñas. Pouco despois Massó Hermanos S.A. levantou unha en Punta Balea (Cangas do Morrazo-Pontevedra) e outra en Cabo Morás (Xove-Lugo), ambas as dúas equipadas con maquinaria e buques procedentes do desmantelamento de dúas factorías do sur. Finalmente, en 1971 as dúas empresas fusionáronse baixo a matriz da primeira.





Balea na rampla de despezamento da factoría baleeira de Caneliñas (Cee-A Coruña), cara a 1980. Fotografía de Álex Aguilar Colección Álex Aguilar

A factoría baleeira de Massó Hermanos S.A. sita en Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1955. Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Gaspar Massó García e Amalia Bolibar Sequeiros



Reportaxe do *Diario Estampa* explicando como se practica a pesca de balea, 12 de xuño de 1928. Colección Álex Aguilar



Pezas de louza da instalación eléctrica da factoría de IBSA en Caneliñas e documento no que veciños da localidade solicitan á factoría o uso da súa enerxía eléctrica, 1953. Museo Massó e Colección Álex Aguilar




Acción de Industrias Baleeiras S.A. (IBSA), 1948. Museo Massó. Doazón de Carlos Meléndez Chas, neto do fundador da empresa José Chas

Par de sandalias metálicas confeccionadas para que os visitantes non escorregasen na plataforma de despeamento impregnada de graxa. Procede da factoría baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1980.
Concello de Cangas



Empregado da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo) utilizando a coitela durante o proceso de despeamento co edificio da factoría Massó ao fondo, cara a 1955.
Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Gaspar Massó García e Amalia Bolívar Sequeiros





Proxecto do edificio principal da factoría baleeira Massó de Cabo Morás (Xove-Lugo), cara a 1964. Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar

Empregados da factoría baleeira Massó de Cabo Morás o día da inauguración, 1965. Museo Massó. Doazón de Manuel Hermelo Giráldez




Vista aérea da factoría baleeira Massó de Cabo Morás en Xove, 1965. Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar

O despezo do animal era o labor máis complexo e característico do procesamento das baleas

Ao final de cada xornada os buques cazabaleeiros regresaban ás factorías para que se iniciase inmediatamente o procesamento das capturas xa que se deterioraban rapidamente. O traballo máis especializado era o despezo do animal. Esta fase era realizada por homes, mentres que o tronzado en anacos da carne e o baleirado das caldeiras onde se obtiña a graxa eran realizados por mulleres.



Plataforma de despezo da factoría baleeira Massó de Cangas. Fotografía de Félix Lorrio, 1978.
Museo Massó



Guincho do sistema de cabrestante da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo) para manexar e desprazar anacos grandes de carne que se ían extraendo da balea, cara a 1960. Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Gaspar Massó García e Amalia Bolívar Sequeiros



Machete de corte e factura da adquisición de machetes procedente da factoría baleeira Massó de Cangas, 1961. Museo Massó. Doazón de Juan José Pino Pérez



Instrumentos de despezamento utilizados no procesamento da balea, procedentes da factoría baleeira Massó de Cangas, 1955-1980. Colección CEMMA



Coitela para o despezamento de balea procedente da factoría baleeira Massó de Cangas, 1955-1980. Museo Massó

Serra para cortar carne de balea procedente da factoría baleeira Massó de Cangas, 1955-1980. Museo Massó





Na plataforma de despezamento da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo) iniciando o despezamento dun cachalote, cara a 1960. Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Gaspar Massó García e Amalia Bolívar Sequeiros

Coitela utilizada no proceso de despezamento de balea procedente da factoría baleeira Massó de Cangas, 1955-1980. Museo Massó

Taboleiro de madeira procedente da plataforma de despezamento e botas con cravos para iniciar o despezamento encima do cetáceo, procedentes da factoría baleeira Massó de Cangas, 1955. Museo Massó e Colección CEMMA



Empregados da factoría baleeira Massó de Punta Balea traballando coas coitelas na plataforma de despezo, cara a 1960.

Museo Massó.
Doazón dos herdeiros de Gaspar Massó García e Amalia Boiibar Sequeiros



Ganchos para manipular os anacos de carne. Proceden da factoría baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), 1955- 1980.

Museo Massó. Doazón Manuel Aldao Portas






Na plataforma de despeçamento da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo) arrastrando anacos de carne con ganchos, cara a 1960.
Museo Massó. Doazón dos herdeiros de Gaspar Massó García e Amalia Bolívar Sequeiros

Gancho de ferro para arrastrar os anacos de carne de balea procedente da factoría baleeira Massó de Cangas, 1955-1980.

Museo Massó





La nueva empresa ballenera.
Documento sobre a fusión das tres compañías baleeiras galegas, 27 de maio de 1968.
Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar



Papel de carta co membrete da empresa IBSA.
Museo Massó. Doazón de Juan José Pino Pérez



Experto xaponés aafiando a ferramenta. Factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo).
Fotografía de Félix Lorrio, 1978.
Museo Massó

A finais da década de 1970 as factorías galegas comezaron a vender a súa produción de carne ao mercado xaponés. Desde entón, un operario nipón controlaba o procesado da carne. Aínda que curta, esta foi a etapa que proporcionou maiores beneficios.



Coitelas xaponesas para o despezamento da balea. Proceden da factoría baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1970. Estas coitelas fabricábanse nos arsenais reais do exercito imperial de Xapón.
Museo Massó



Coitelo xaponés procedente da factoría de IBSA en Caneliñas.
Colección de CEMMA

Gancho xaponés para manipular os anacos de carne de balea, 2014.
Museo Massó.
Doazón Álex Aguilar



Expertos xaponeses seleccionando os anacos de carne na factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1976.
Museo Massó. Doazón de Manuel Hermelo Giráldez



Dúas empregadas da factoría baleeira de Caneliñas co oficial xaponés. Fotografía de Álex Aguilar, 1980.
Colección Álex Aguilar

Cartón de visita dun cliente xaponés
Museo Massó.
Doazón de Juan José Massó Bolívar





Mulleres procesando a carne de balea na factoría Massó de Cangas. Fotografía de Félix Lorrio, 1978.
Museo Massó



Coitelo para o procesamento da carne de balea, procedente da factoría Massó de Cangas.
Museo Massó. Doazón de José Luis Méndez García



Coitelo e machete para cortar a carne de balea. Proceden da factoría baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), 1955-1980.
Museo Massó



Empregado de orixe marroquí traballando na rampla de despezo na factoría Massó de Punta Balea en Cangas do Morrazo, 1955.
Museo Massó.
Doazón de Antonio Massó de Ariza

Telegrama comunicando a chegada de traballadores de orixe marroquí procedentes da factoría baleeira de Benzú (Ceuta), 1955.
Colección Álex Aguilar

Estes traballadores foron contratados pola empresa Massó Hermanos para ensinarlle aos empregados locais da factoría Massó de Cangas as técnicas de despezo da balea.





Persoal da factoría na
rampla de despezamento.
Factoría Massó de
Punta Balea (Cangas
do Morrazo). Fotografía
de Félix Lorrio, 1978.
Museo Massó



Maletín de cartóns para
fichar procedente da
factoría baleeira Massó
de Cangas, cara a 1955.
Concello de Cangas
do Morrazo



Bata do uniforme de
traballo das empregadas
da factoría baleeira
Massó de Punta Balea
(Cangas do Morrazo),
cara a 1980.
Museo Massó.
Doazón de Carmen
Varela Sotelo

TABLA DE SALARIOS Y PRIMAS POR CIEGOS CAPTURADOS

SALARIOS PERSONAL EMBARCAZO

Categoría	Percepción actual	Plus de Convenio	Total salario convenido
Patrón	3.864.-	786.-	4.650.-
Primer Maquinista	3.622.-	774.-	4.400.-
Segundo Maquinista	3.602.-	698.-	4.300.-
Pagadero	3.007.-	643.-	3.650.-
Contramaestre	3.007.-	643.-	3.650.-
Marinero	2.800.-	600.-	3.400.-
Harmitón	2.800.-	600.-	3.400.-
Cocinero	2.900.-	600.-	3.500.-

SALARIO PERSONAL DE TIERRA

Personal masculino.-	Oficial 1º	120.-
	Oficial 2º	110.-
	Ayudante	105.-
	Vigilante	3.000.-
	Peón	100.-
Personal femenino.-	Oficial 1º	82.-
	Oficial 2º	78.-
	Auxiliar	70.-

En estos salarios o sueldos totales se hallan incrementadas todas las percepciones y la diferencia existente entre dichos importes y las retribuciones de la Reglamentación aplicable, se conceptúa como "Plus de Convenio".

PRIMAS POR CIEGOS CAPTURADOS

Categoría	Primas captura cachalotes	Primas captura ballenas
Patrón	525.-	577,50

Documento no que constan os salarios percibidos polas traballadoras e traballadores das factorías baleeiras de Massó. Museo Massó. Doazón de Juan José Pino Pérez



Cartilla dun membro da tripulación da frota baleeira da empresa IBSA. Museo Massó. Doazón de Juan José Pino Pérez



Mostrar un animal científico: sólo colocando a los científicos científicos y científicos científicos.

El Museo de Historia Natural de Massó, en el municipio de Massó, es un museo que muestra la historia natural de la zona. El museo está dividido en varias salas que muestran la historia natural de la zona. El museo está dividido en varias salas que muestran la historia natural de la zona.

Mostrar el desarrollo científico en los momentos de máxima expansión e identificación de la especie.

El Museo de Historia Natural de Massó, en el municipio de Massó, es un museo que muestra la historia natural de la zona. El museo está dividido en varias salas que muestran la historia natural de la zona. El museo está dividido en varias salas que muestran la historia natural de la zona.

Especies más habituales de castaños cazados nos montes gallegos



Salmo trutta, tamaño 34 cm.



Salmo trutta, tamaño 27 cm.



Salmo trutta, tamaño 28 cm.



Salmo trutta, tamaño 27 cm.



EX VENTIS
CARNE DE BALLECA
CARNES DE BALLECA
CARNES DE BALLECA

ISSA
ISSA
ISSA
ISSA

El primer viaje de la expedición fue el de 1803, cuando se fue a la isla de San Juan de los Rios.

De Punta
a Cabo



Documentary text displayed on a shelf in the right-hand section of the exhibit.

Text on a wooden table in the foreground, possibly a list or index of items.


Vertical text label on the left side of the blue wall.

Da balea aprovéitase todo

Da balea obtéñense grandes cantidades de produtos para a alimentación e a industria

Inicialmente, das baleas e cachalotes obtíñase fundamentalmente graxa empregada como combustible de lámpadas, para a elaboración de alimentos, fariñas, velas, xabóns, pomadas e lubricante para engraxar máquinas.

Un exemplar de tamaño medio rendía unhas 14 toneladas de carne de primeira calidade, o equivalente ao peso dun camión. En España distribuíase nos mercados de Barcelona, Valencia e Madrid. A última etapa das factorías baleeiras galegas estivo marcada pola gran demanda de carne do mercado xaponés. A partir de entón, o cachalote, do que se extraía fundamentalmente aceite, perdeu interese para a industria e a explotación centrouse nas baleas, en concreto no rorcual común.




Esquema dos produtos que se podían obter dos cetáceos. Realizado por Van der Oord en 1955

Ilustración con varias aplicaciones dos produtos derivados da balea. Litografía de W. Hankins, século XIX. Colección Álex Aguilar




Detalles dalgunhas aplicacións dos produtos.





Empregada da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo) traballando na sección de cortado en anacos de carne, cara a 1980. Museo Massó. Doazón de Manuel Hermelo Giráldez


Colectores para a carne da empresa baleeira IBSA procedentes das factorías Massó de Punta Balea e de Caneliñas, cara a 1980. Museo Massó



Carta dirixida á empresa IBSA con receita para preparar extracto de carne de balea, 1955. Colección Álex Aguilar

Bolsa para o envasado de carne de balea da factoría Massó de Cabo Morás (Xove-Lugo), cara a 1970. Concello de Xove





Participación de lotería dun posto de venda de carne de balea do mercado de Valencia, coa letra dunha canción promovendo o seu consumo no reverso, 1954. Colección Álex Aguilar



Anuncio de venda de carne de balea no mercado central de Valencia, cara a 1953. Colección Álex Aguilar



Recortes de xornal sobre a venda de carne de balea en Valencia, cara a 1960. Colección Álex Aguilar



Anuncio explicando diversas formas de condimentar a carne de balea. Colección Álex Aguilar

O corpo destes animais está cuberto por unha capa de touciño que pode alcanzar os 80 cm de espesor. De aí extraíase o aceite que tivo múltiples usos.



Frasco de aceite de cachalote empregado para o lubricado de máquinas de coser, bicicletas, rifles, fechaduras e outros tipos de maquinaria lixeira.

Colección
Álex Aguilar



Lata de lubricante marca *Hollingshead's* feito con graxa de balea usado para engraxar ferraduras de cabalo.

Colección
Álex Aguilar



Bote de graxa de balea marca *Currin's* utilizada para lustrar botas.

Colección Álex Aguilar



Lata de graxa de balea marca *Harness Dressing* usada para abrillantar peles, engraxar arneses, etc.
Colección Álex Aguilar

Lata de pomada *Aspaimé* para a tose.
Museo Massó.
Doazón de Álex Aguilar



Cartel de pomada *Aspaimé*.
Colección Álex Aguilar


O espermaceti de cachalote, mesturado con alcanfor, mentol, esencia de eucalipto e outros aceites, servía para fabricar a pomada *Aspaimé*, un popular remedio para aliviar o efecto de catarros e outras enfermidades respiratorias.

Bote de espermaceti.
Colección Álex Aguilar

O espermaceti extasiáase da cabeza do cachalote e era unha graxa moi apreciada polo seu elevado contido en ceras. Empregábase na fabricación de cosméticos, pomadas e lubricantes de alta calidade.



Espermaceti para a elaboración de pomadas farmacéuticas, cara a 1940.
Museo Massó.
Doazón Farmacia Fátima Maañón Lage (Foz-Lugo)



Farmacopea Oficial Española con receita médica elaborada con espermaceti, 1905.
Museo Massó.
Depósito de Francisca Ares Durruti



Candil de uso doméstico
e farol de barco que
utilizaban aceite
de cachalote como
combustible, século XIX.
Museo Massó e
Colección Antonio
Rama Laguna



24

PRODUCCIONES

Aceite de Cachalote	= 895 Ton.	= 17.902.000,-	Ptas.
" de Ballena	= 490 Ton.	= 7.165.000,-	"
Esperma de Cetáceo	= 115 Ton.	= 1.165.000,-	"
Carna fresca consumo humano	= 990 Ton.	= 30.900.000,-	"
Carna de cachalote	= 800 Ton.	= 3.100.000,-	"
Harina para piensos	= 74 Ton.	= 2.220.000,-	"
Barbas de ballenas	= 18 Ton.	= 269.000,-	"
Huesos para harina	= 290 Ton.	= 900.000,-	"
Marfil de dientes	= 920 Kgs.	= 400.000,-	"
Anber gris	= 294 Kgs.	= 4.879.000,-	"

EXPORTACION

Anber gris	= 294 Kgs.	= 3.872.000,-	Ptas.
Barbas de ballenas	= 14 Ton.	= 169.000,-	"
Carna de cachalote	= 901 Ton.	= 8.281.000,-	"

IMPORTACIONES

Esperma y aceite de Ballena = 642 Ton.

Esperando haberle dado los datos precisos quedamos a su disposición para
.../...

Documento procedente da empresa Massó Hermanos S.A. onde se especifican as producións, exportacións e importacións de diversos produtos extraídos de baleas e cachalotes. Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar



Documento que contém o prego de condicións para a adquisición por concurso público de aceite de cachalote para iluminación. Colección Álex Aguilar



Carta dunha fábrica de cores, pinturas e esmaltes solicitando a Industria Ballenera S.A. (A Coruña), produtos derivados da balea, 1959. Colección Álex Aguilar



Factura de venda de aceite de balea e cachalote de Industria Ballenera S.A., 1954. Colección Álex Aguilar



Carta da empresa *Ruvel* (Bilbao) solicitando fariña de balea a Industria Ballenera S.A. (A Coruña), 1965.
Colección Álex Aguilar

Empresas de Cataluña, o País Vasco e Valencia foron os principais clientes das baleiras galegas ata a irrupción do mercado xaponés a finais da década de 1970. A graxa adquirida empregábase fundamentalmente para elaboración de alimentos como margarinas, maionesas ou galletas.



Anuncios de xabón elaborado con aceite de balea, principios do século XX.
Colección Álex Aguilar





Anuncios de variñas para corpiño e para sistemas de amortecemento de carros de cabalos fabricados con barbas de balea. Colección Álex Aguilar

Barbas de balea procedentes da factoría baleeira Massó de Cangas e variñas para corpiños realizadas con barbas de balea. Museo Massó e Colección Álex Aguilar

As barbas de balea eran o material máis flexible ata a invención do plástico no século XX polo que ata entón foi un produto con moita demanda.



Corpiño de vestido de festa confeccionado con variñas de barba de balea en Inglaterra, cara a 1880. Museo Massó



Empregados da baleeira de Garajau (Madeira) ante unha pedra de ámbar gris de 360 Kg extraída do intestino dun cachalote.
Museo Massó



Pedra de ámbar gris.
Museo Massó




Documento dunha empresa de Casablanca dirixida á empresa IBSA interesándose pola compra de ámbar gris, 1958.
Colección Álex Aguilar

O ámbar gris fórmase no intestino do cachalote como consecuencia dunha incompleta dixestión de picos das luras que forman parte da súa dieta. Esta sustancia adquiría no mercado un valor comparable ao do ouro e empregábase na industria do perfume como fixador de cheiros que outorgaba permanencia á fragancia. O tamaño dos nódulos de ámbar gris era moi variado, desde uns poucos gramos ata varios quilos.



Dentes de cachalote tallados coa imaxe de Virxe e de San Pedro, cara a 1960.
Museo Massó



Xogo de dominó realizado en óso de balea por prisioneiros franceses da armada británica durante as guerras napoleónicas, cara a 1800.
Museo Massó

Dente de cachalote coa imaxe da Virxe tallada por J. C. Flores, cara a 1960.
Museo Massó



Certificación sobre a procedencia legal de ósos de balea e cachalote que a empresa IBSA vendeu á artista francesa María Noelle para realizar esculturas, 1996.
Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar



Regra e abrecartas realizados en óso de balea por Antonio Massó García, cara a 1970.
Colección Isabel Massó de Ariza



Disco vertebral de balea coa imaxe do cazabaleeiro *Lobeiro* pintada ao óleo por Ramón Aguilar Morei, 1981.
Colección Álex Aguilar



Machete de golpe con mango de mandíbula de cachalote e coitela con mango de dente de cachalote.
Colección Álex Aguilar



Paraugas do tipo "seteparroquias" con variñas, tamén denominadas baleas, realizadas con barbas de balea polar, século XIX.
Museo Massó.
Depósito do Centro de Recuperación da Cultura Popular (Pontearreas)



El fin de la industria

La industria pesquera de la zona de Mar de Bala...



Un buque de la empresa SA de Pesca en el puerto de Mar de Bala después de ser el gran coloso (1960)
Un buque de la empresa SA de Pesca en el puerto de Mar de Bala después de ser el gran coloso (1960)



A caza moderna desenvolveuse grazas a unha serie de innovacións norueguesas



Estas innovacións foron o canón que lanzaba arpóns explosivos, os buques cazabaleiros de vapor e a bomba insufladora de aire para asegurar a flotación do animal capturado. O seu emprego xeneralizado a principios do século XX supuxo o inicio da explotación a gran escala e a captura de especies que cos medios tradicionais non se podían cazar.



Maqueta que reproduce de forma xenérica o modelo dos baleeiros *Caneliñas*, *Temerario* e *Lobeiro* de IBSA e do *Carrumeiro* e *Cabo Morás* de Massó. Maquetista José Francisco Rodríguez Fernández, 2011.
Museo Massó. Depósito do autor

Construídos nos anos 1920 e 1930, formaron parte da frota baleeira norueguesa e despois das empresas que operaban no estreito de Xibraltar. Foron utilizados durante a Segunda Guerra Mundial como caza submarinos polo seu silencioso motor de vapor, ideado para non alertar aos cetáceos. A partir de 1950 fóronse incorporando á frota galega e en 1978 foron substituídos polos barcos da serie IBSA. Non se conservou ningún, todos foron despezados ou afundidos.

Documentos relacionados cos buques cazabaleiros *Temerario* e *Carrumeiro* cando faenaban para a factoría de Massó en Punta Balea (Cangas do Morrazo), 1972 e 1955. Museo Massó. Doazón de Juan José Pino Pérez



Vixía da tripulación dun cazabaleiro da frota galega avistando baleas, cara a 1980. Museo Massó





O cazabaleeiro *Cabo Morás*, cara a 1966.
Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar



Salvavidas do buque baleeiro *Cabo Morás*, entre 1920-1930.
Museo Massó



Gorros tipo sudeste da roupa de auga empregada polos tripulantes dos cazabaleeiros. Proceden da factoría Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1970.
Colección CEMMA

Maqueta do cazabaleeiro
IBSA UNO, cara a 1980.
Museo Massó. Doazón
de Juan José Massó Bolívar



Tras a fusión de Massó con IBSA e do inicio da exportación de carne a Xapón, fíxose necesaria a adquisición de cazabaleeiros máis potentes para aumentar as capturas. Os tres buques da serie IBSA, que foran construídos entre 1948 e 1951 para pescar baixo bandeira británica, comezaron a pescar en Galicia en 1978. Na década de 1980 extinguiuse a frota baleeira galega. Só sobreviviu o *IBSA UNO*, salvado do despezo grazas á asociación de antigos baleeiros do porto de Sandefjord (Noruega). Hoxe forma parte do patrimonio cultural noruegués e podemos visitalo no porto desta localidade como parte do Museo Baleeiro.




Salvavidas do buque
IBSA TRES, cara a 1950.
Museo Massó



Reverso do salvavidas do buque
baleeiro *IBSA TRES*, cara a 1950.

Os salvavidas levan o nome do buque correspondente unha vez rebautizado ao entrar a formar parte da frota galega. Algúns aínda conservan no reverso o nome que tiñan cando traballaban baixo bandeira norueguesa.

Museo Massó



Plano do buque baleeiro *IBSA UNO*.
Museo Massó. Doazón
de Juan José Pino Pérez

Os cazabaleeiros da serie IBSA foron adquiridos en 1975 para substituír aos vellos baleeiros Carrumeiro, Temerario, Lobeiro, Caneliñas e Cabo Morás. Como estes, pero máis modernos, eran buques de vapor de importación e formaran parte da frota baleeira inglesa. O *IBSA UNO* e o *DOS* sufriron grandes danos en 1980 como consecuencia dun atentado cometido por un grupo ecoloxista radical. Mentres o primeiro puido ser reflotado, o *IBSA DOS* acabou no despezo.



O *IBSA UNO*, o último cazabaleeiro da frota galega restaurado e incorporado ao Museo Baleeiro no porto de Sandefjord (Noruega), 2011.
Museo Massó



Juan José Massó, director da baleeira Massó e xerente de IBSA despois da fusión das compañías, cun cliente xaponés diante da frota de baleeiros, cara a 1976.
Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolívar


Canón lanza arpóns noruegués, cara a 1850.
Museo Massó



Ata que se inventou este tipo de canón, ao redor de 1837, as baleas cazábanse desde embarcacións pequenas con arpóns de man. Con estes canóns, utilizados por americanos e ingleses, o arpón alcanzaba ao animal a unha maior distancia. Foron substituídos cara a 1860 polos canóns arpoeiros con explosivos. A súa gran capacidade destrutiva permitía multiplicar as capturas.



Arpoeiro sentado na borda do buque. Detrás pódese ver o bote baleeiro cun canón Greener na proa, finais do século XIX.
Colección Álex Aguilar



O arpoeiro Alejo Varela Neira apuntando á balea no cazabaleeiro *Lobeiro*, 1965.
Museo Massó



Canón arpoeiro con explosivos procedente da frota baleeira galega, cara a 1950.
Museo Massó



O arpoeiro Miguel López Pérez disparando o tiro de graza a un rorcual común a bordo do *IBSA TRES*.
Fotografía de Álex Aguilar, 1982.
Colección Álex Aguilar



Puntas de arpón de carga explosiva procedentes da frota baleeira galega.

Museo Massó



Mazo de madeira para a carga do arpón no canón arpoeiro procedente da frota baleeira galega.

Museo Massó



Cepillo para a limpeza do canón procedente da frota baleeira galega.

Museo Massó



Estacha de cáñamo para largar corda e manter o arpón, unha vez lanzado, suxeito ao buque. Procede da frota baleeira galega.

Museo Massó



Cadea para amarrar a balea ao cazabaleeiro procedente da frota baleeira galega.

Museo Massó



Boia con tapa de madeira na que se introduce unha válvula de inflado

Museo Massó



Balea alcanzada
por un canón arpoeiro.
Fotografía de
Álex Aguilar, 1982.
Colección Álex Aguilar

Arpón baleeiro retorto
despois de ser extraído
dunha balea. Procede da
baleeira Massó, cara a 1980.
Museo Massó



Este tipo de arpón levaba
incorporado o explosivo
na punta recargable.

Diversos tipos de coitelas empregadas coa balea amadriñada ao buque cazabaleeiro. Proceden da baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1970.
Museo Massó



Coitela para abrir o animal capturado e refrixeralo.
Colección CEMMA



Empregábanse para refrixerar e desangrar ao animal cando xa non se utilizaban as insufladoras de aire. Outras coitelas servían para cortar as aletas da cola ou para abrir orificios por onde pasaban os cabos e os flotadores das balizas.

Bicheiros e coitelas para a caza de balea. Proceden da baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1955-1980.
Museo Massó

Empregábanse para amadriñar a balea ao buque e acoitelala.





Balea amadriñada
ao cazabaleeiro,
cara a 1980.
Museo Massó

Agullas da bomba de insuflar aire para evitar que a balea se afundise unha vez capturada. Proceden da factoría baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1955.

Museo Massó



Con este sistema inxectábase aire no ventre da balea para mantela a flote. Isto permitía deixar a balea balizada durante un tempo no mar mentres o cazabaleeiro ía á captura doutros exemplares. O sistema foi rexeitado polos xaponeses xa que o aire inxectado aceleraba a descomposición da carne.



Coitelas para facer un orificio no ventre da balea e inxectar o aire que facía posible que o animal morto estivese a frote no mar. Proceden da baleeira Massó de Punta Balea (Cangas do Morrazo), cara a 1955.

Museo Massó





Baliza de sinalización utilizada para indicar a situación no mar da balea cazada. Anteriormente pertencera ao cazabaleeiro Antoñito Vera da frota do Estreito. Este buque sería adquirido pola empresa Massó e rebautizado como *Cabo Morás*.
Museo Massó

Balea balizada polo cazabaleeiro *Lobeiro*. Fotografía de Jeppe e Berthel Mohl, 1974.
Colección Álex Aguilar

As baleas balizadas eran recollidas unha vez finalizada a xornada para levalas á factoría onde eran procesadas.



Empregados da factoría baleeira
Massó de Cangas subindo
a captura á plataforma de
despezamento, cara a 1955.
**Museo Massó. Doazón
de Antonio Massó de Ariza**



Arpón do canón lanza-arpóns do iate *Azor* de Franco, cara a 1960.
Sociedade Galega de Historia Natural.
Museo de Historia Natural de Ferrol

Nos anos 1960 “El Generalísimo” encaprichouse coa caza de cetáceos e ordenou artillar o seu iate cun canón arpoeiro. Massó Hermanos instalou dous canóns, un para a pesca de baleas e cachalotes pequenos e outro para golfinhos. As súas fazañas consistían basicamente en cazar crías lactantes e deixar sementado o mar de cetáceos mortos ou mal feridos. Os cachalotes entregáboas á factoría de *Caneliñas* e esixía que se lle pagase polo aceite obtido sen ter en conta os custos de produción

89

PAGOS

7 de Agosto de 1962

JUSTIFICANTE DE CAJA

CONCEPTOS	Cantidad
Talón Núm. 703.513 de esta fecha, entregado a la Comandancia de Marina de La Coruña a nombre del yate ASOR, por haber recibido un CACHALOTE de 14,4cm. con fecha 28-T-62	50.000 00.
SON PESETAS CINCUENTA MIL -----	
Vº aº	

EL CAJERO

[Signature]

Xustificante de caixa da empresa IBSA polo pago de 50.000 pesetas, o rendemento dun cachalote cazado por Franco, 1962.
Colección Álex Aguilar

Estas innovaciones fueron el cañón lanza
arpones con explosivos, los buques
cazabaleiros de vapor e a máquina
insufladora de aire para asegurar a flotación
do animal capturado. O seu emprego
a principios do século XX
supuxo o inicio da explotación a grande
escala e a captura de especies que cos
medios tradicionais non se podían cazar.

Estas innovaciones fueron el cañón lanza
arpones con explosivos, los buques
cazabaleiros de vapor e a máquina
insufladora de aire para asegurar la
flotabilidad del animal capturado. Su empleo
generalizado a principios del siglo XX supuso
el inicio de la explotación a gran escala y la
captura de especies que con los medios
tradicionales no se podían cazar.



Modelo en miniatura do buque cazabaleiro "San Xosé" construído en 1900. O buque foi construído en Galicia e foi un dos primeiros buques de vapor utilizados para a caza de baleas. O modelo mostra o casco, a máquina a vapor e a estrutura do buque.



Cañón lanza arpóns
Cañón lanza arpóns





O fin da industria baleeira

A explotación abusiva das baleas produciu unha forte reacción social que puxo fin a esta industria

A partir de 1970 cambiou a percepción que a sociedade tiña sobre a pesca baleeira. De considerala como unha actividade case heroica, pasou a converterse en obxectivo da loita do emerxente movemento ecoloxista. Moitos países esixiron a súa interrupción que se concretou nun cesamento ou moratoria na pesca baleeira mundial que entrou en vigor en 1985. A maior parte dos 11 países entón baleeiros aceptaron a medida coa esperanza de que se renovaría a actividade. Con todo, non foi así e en 1994, IBSA, a única empresa baleeira na península, disolveuse sumida en perdas.



Tripulación científica da primeira campaña de censado de cetáceos realizada en 1981.

Colección Álex Aguilar



Lancetas tipo "Discovery", cara a 1970.

Museo Massó

Empregadas nas campañas científicas para marcar ás baleas e coñecer os seus hábitos migratorios. Unha das lancetas, disparada en augas canadenses, atopouse no corpo dun cachalote capturado en augas de Galicia polo cazabaleeiro *Caneliñas* da empresa IBSA en 1973.



Recorte de xornal sobre o debate no Parlamento de Galicia acerca da aprobación da moratoria, 1987.
 Museo Massó.
 Doazón de Juan José Massó Bolívar



Reportaxe *La guerra de las ballenas empieza ahora* da revista *El Periódico Dominical*, 13 de xaneiro de 1985.
 Colección Álex Aguilar



Documento de proposta Non de Lei sobre a moratoria da *Comisión Ballenera Internacional* aprobada no Parlamento de Galicia, 28 de agosto de 1987.
 Museo Massó.
 Doazón de Juan José Massó Bolívar



Artigo de Álex Aguilar sobre a problemática da caza baleeira, publicado no xornal *El Correo Galatán* o 29 de agosto de 1980.
 Colección Álex Aguilar



Os cazabaleiros da empresa IBSA afundados no porto de Marín despois do ataque do grupo ecoloxista, 1980. Museo Massó. Doazón de Juan José Massó Bolibar



Primeira páxina do diario conservacionista *ECO* do 24 de xullo de 1982, o día en que se aprobou a moratoria mundial na caza comercial de baleas. Colección Álex Aguilar



Postal da campaña ecoloxista contra a pesca baleeira organizada pola Sociedade Galega de Historia Natural, 1983. A Sociedade Galega de Historia Natural foi, xunto a Greenpeace, a organización ecoloxista que liderou a campaña en contra da pesca baleeira. Colección Álex Aguilar



Postal da campaña ecoloxista internacional contra a caza baleeira, cara a 1980. Colección Álex Aguilar

As especies en perigo de extinción recupéranse mentres algúns países seguen pescándoas

Desde 1985 a Comisión Baleeira Internacional, que regula esta actividade, non volveu a conceder cotas de pesca. As capturas reducíronse en 2015 a 1.600 baleas en todo o mundo fronte ás 25.000 que se pescaron en 1980.

Só algunhas poboacións mostran dificultades de recuperación. En Galicia, fóra da extinguida balea franca, o resto de especies que foron explotadas áchanse en estado satisfactorio.

Xapón, Noruega e Islandia seguen explotándoas de modo industrial ou baixo a escusa de permisos “científicos” e Estados Unidos (Alasca), Rusia e Dinamarca (Grenlandia) acóllense ao procedemento deseñado para a pesca “aborixe”.



Preparados en conserva de carne de balea procedentes do mercado xaponés e paliños dun restaurante xaponés especializado en carne de balea, 2013. Museo Massó. Doazón de Álex Aguilar

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Aguilar, A.

“A review of old Basque whaling and its incidence on the right whales of the North Atlantic”. En: Right Whales: Past and Present Status. Special Issue 10 of the Reports of the International Whaling Commission, Cambridge, (U.K.). pp: 191-199, 1986.

Aguilar, A.

Chimán. La pesca ballenera moderna en la península Ibérica. Barcelona: Universitat de Barcelona, Publicacions i Edicions, 2013.

Álvares de Mendonça, N.

Memórias de um baleeiro. Caça à baleia nos Açores 1930-1945. [Ponta Delgada, Azores]: Nun' Álvares de Mendonça, 2003.

Azpiazu, J. A.

Balleneros vascos en el Cantábrico. Donosti: Ttartatallu Estudios, 2001.

Azpiazu, J. A.

“Los balleneros vascos en Cantabria, Asturias y Galicia”. *ITSAS. Revista de Estudios Marítimos del país Vasco*, 3. Páxs. 77-97. San Sebastián: Diputación Foral de Gipúzcoa, Museo Naval, 2000.

Canoura Quintana, A.

A pesca da balea en Galicia nos séculos XVI e XVII. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, 2002.

Ciriquiain-Gaiztarro, M.

Los vascos en la pesca de la ballena. San Sebastián: Biblioteca Vascongada de los Amigos del País, 1961.

Clarke, R.

Baleação em botes de boca aberta nos mares dos Açores. História e métodos actuais de uma indústria-reliquia. [S.l.]: Robert H. Clarke, Fernando Jorge Faria da Silva, 2001.

Costa, M. jr. (textos).

Património baleeiro dos Açores. Herança e modernidade. [Azores]: Presidência do Governo Regional dos Açores, Direcção Regional da Cultura, 2011.

Cymbron, A.

A fase industrial da baleação micalense (1936-1970). Azores: Observatório do Mar dos Açores (OMA), 2011.

Cymbron, A. e Dutra, M.

As baleias nos Açores. Da caça ao turismo. Faial (Azores): Observatório do Mar dos Açores (OMA), 2013.

Dutra Pinto, M. e Mora Porteiro, F. (dir. e coord.)

Whaling in Faial. Industrial phase 1940-1984 (catálogo de exposición). Azores: Observatório do Mar dos Açores (OMA), 2010.

Eubalaena. Galicia no lombo da balea

Publicación da Sección Científica da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños. Edición N^o 14. Vigo, agosto 2014

Fernández Iglesias, S.; Lage Canoura, R.; Pérez Franco, N. e Sánchez Meitín, L.

“A Industria baleeira”. En *De sol a sol. Un século de traballo en Xove.* Páxs. 254-266. Lugo: Deputación de Lugo, 2010.

González Echegaray, R.

Balleneros cántabros. Institución Cultural de Cantabria (CSIC), 1978.

A factoría baleeira Massó. Fotografías de Félix Lorrio

Catálogo de exposición, Museo Massó. Xunta de Galicia, 2006.

Moniz Bettencourt, M.

Os picoenses na odisseia da baleação. Lajes do Pico: Cámara Municipal das Lajes do Pico, 1996.

Mousinho Figueiredo, J.

Introdução ao estudo da indústria baleeira insular. Lajes do Pico (Açores): Museu dos Baleeiros, 1996.

Unsain, J. M^a.

Balleneros vascos. Imágenes y vestigios de una historia singular. San Sebastián: Diputación Foral de Gipúzcoa, 2012.

Valdés Hansen, F.

Los balleneros en Galicia (siglos XIII al XX). [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2010.

Valverde, José A.

Pesca, ballena, barcas. Reflexiones y cuaderno de dibujos. Madrid: Quercus, 2006.



h

v

A

B

M



ORGANIZA:



COLABORA:

